


# Transicións na agricultura e a sociedade rural

II Congreso Intercontinental  
Transruralhistory Compostela2018  
XVI SEHA e VII RuralReport



Santiago de Compostela, 20-23 Xuño 2018

Organización:



Organización local:



Patrocinadores:



*sustainability*  
an Open Access Journal by MDPI




**Transiciones en la agricultura y la sociedad rural.  
Los desafíos globales de la historia rural. II Congreso Internacional**

XVI Congreso de Historia Agraria-SEHA # VII Encontro RuralRePort  
Santiago de Compostela, 20 - 23 de Junio de 2018

## CONTIDOS

<b>1. ORGANIZADORES.....</b>	<b>3</b>
1.1. Sociedad de Estudios de Historia Agraria (SEHA).....	3
1.2. Rede de História Rural em Português (Rural RePort).....	3
1.3. Comité Organizador do Congresso.....	4
<b>2. O CONGRESO.....</b>	<b>6</b>
2.1. O I Congreso Internacional (Lisboa – 2016).....	6
2.2. Transiciones en la agricultura y la sociedad rural (Santiago de Compostela – 2018).....	6
2.3. Os desafios globais da Historia Rural.....	7
2.4. Do Internacional ó Intercontinental.....	9



## 1. ORGANIZADORES

### 1.1. Sociedad de Estudios de Historia Agraria (SEHA)

A SEHA xurdiu a finais dos anos oitenta como un lugar de encontro e intercambio científico entre os historiadores agrarios españois. Dende fai xa tempo, ven acollendo a historiadores da outra beira do Atlántico e a profesionais adicados ó mundo rural de fala portuguesa e doutros países europeos. Na actualidade estase redefinindo a SEHA como unha Sociedade de carácter intercontinental no ámbito luso-hispánico.

Entre os fins da SEHA está fomentar a investigación, o intercambio de opinións, a ensinanza e a divulgación do coñecemento científico referentes á historia agraria e á economía e a sociedade rurais, dende unha perspectiva interdisciplinaria. A SEHA tamén pretende propiciar a conservación e facilitar a consulta e uso a tódolos investigadores dos arquivos e material relativos ás actividades agrarias e ás sociedades rurais ó longo das diferentes épocas históricas.


Publica a Revista de *Historia Agraria*, que está indexada en JRC con un índice de impacto do 0,3 no 2015 e que acolle orixinais en castelán, portugués e inglés. Tamén publica a colección titulada *Monografías da SEHA* e recolle na súa web documentos de traballo mediante os cales os seus socios poden dar a coñecer as súas investigacións. A SEHA ven realizando congresos bianuais que reúnen ós especialistas sobre o pasado do mundo rural de todas as disciplinas e tamén celebra seminarios anuais.

A SEHA ven desempeñando un papel moi activo na renovación historiográfica española e tense convertido nun espazo de discusión xenuíno, á marxe dos formalismos e fronteiras académicas, e un espazo para o intercambio entre historiadores, xeógrafos, sociólogos,, antropólogos e economistas adicados ó mundo rural. Coa clara vontade de agrupar ós historiadores de fala castelá e portuguesa, non só da Península Ibérica, senón tamén de Latinoamérica, a SEHA forma parte e impulsa a EURHO (European Rural History Organization), e mantén vínculos estreitos coa SOLCHA (Sociedad Latino Americana de Historia Ambiental), a AEEA (Asociación Española de Economistas Agrarios), e outras sociedades científicas.

### 1.2. Rede de História Rural em Português (Rural RePort)

A Rural RePort é unha rede de contactos que congrega a todos os académicos interesados na Historia Rural, que traballan en Portugal, onde ten a súa sede, ou noutros países de fala portuguesa.

A rede foi creada en febreiro de 2011 e ten como obxectivo principal establecer un espazo para compartir información sobre actividades e proxectos que directa ou indirectamente se





# Transiciones en la agricultura y la sociedad rural. Los desafíos globales de la historia rural. II Congreso Internacional

XVI Congreso de Historia Agraria-SEHA # VII Encontro RuralRePort  
Santiago de Compostela, 20 - 23 de Junio de 2018

relacionen coa Historia Rural e con outras abordaxes disciplinares dos estudos rurais.

En Xullo de 2012 a Rural RePort foi admitida como sección da Sociedade Portuguesa de Estudos Rurais (SPER), mantendo a súa identidade propia e autonomía funcional.

Esta rede, a pesar de ter un ámbito xeográfico que deliberadamente se estende alén de Portugal e Europa, constitúe tamén a sección portuguesa da EURHO (European Rural History Organization), fundada en Setembro de 2010.

A Rural RePort organiza anualmente un encontro científico e dende 2016 ten presenza constante no Consello de redación da Revista *Historia Agraria* e ns directiva da SEHA, lazos que se estreitaron co I Congreso Internacional SEHA – Rural RePort de Lisboa e que se reforzarán no II Congreso de Santiago de Compostela.

4

## 1.3. Comité Organizador do Congreso

**Lourenzo Fernández Prieto (USC)** (A Devesa-Ribadeo, 1961). Catedrático de Historia Contemporánea da USC e Vicepresidente da Sociedad de Estudios de Historia Agraria (SEHA).

Especializado en Historia do cambio tecnolóxico e agrario e no mundo rural. IP do grupo de Investigación HISTAGRA (Historia Agraria e Política do Mundo Rural) e ten dirixido diferentes traballos relacionados coa construción da modernidade en Galicia e o mundo rural.

**Daniel Lanero Táboas (USC)**. Na actualidade é Investigador do Programa Ramón y Cajal adscrito ao Grupo de Investigación HISTAGRA e ao Departamento de Hª Contemporánea e de América da Universidade de Santiago de Compostela (USC).


Entre as súas liñas de investigación prioritarias encóntranse a Historia Agraria, a Historia Comparada dos Fascismos ou a Historia Social do mundo rural, cunha especial atención ao franquismo e á transición á democracia en Galicia e España.

**José Vicente Serrão (ISCTE-IUL)**. Doutorado en Historia Moderna e Contemporánea polo ISCTE (Instituto Universitário de Lisboa) en 2000. É profesor asociado no Departamento de Historia do ISCTE-IUL e investigador integrado do CIES-IUL (Centro de Investigaçao e estudos de Sociologia).

Entre as súas liñas de investigación destacan a Historia de Portugal, a Historia Rural, os dereitos de propiedade, o territorio, a agricultura e a Historia Económica.

**María del Carmen Espido Bello (USC)** (Vilasantar, A Coruña, 1964). É doutora en Económicas e profesora titular do departamento de Historia e Institucións Económicas da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC e membro do grupo de Investigación GESPIC.

Traballa na área de Economía e Empresa destacando entre as súas liñas de investigación as Relacións Económicas Internacionais e a Historia Económica.



# Transiciones en la agricultura y la sociedad rural. Los desafíos globales de la historia rural. II Congreso Internacional

XVI Congreso de Historia Agraria-SEHA # VII Encontro RuralRePort  
Santiago de Compostela, 20 - 23 de Junio de 2018

**Miguel Cabo Villaverde (USC)** (Santiago de Compostela, 1970). É Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, coa tese *A integración política do pequeno campesiñado: o caso galego no marco europeo, 1890-1939*, dirixida polo Profesor Lourenzo Fernández Prieto (1999).


As súas liñas de investigación son: historia agraria e historia social, con estudos sobre a acción colectiva, o asociacionismo e a politización no ámbito rural ou a prensa agraria.

## Organización local:

**HISTAGRA** (Grupo de Historia Agraria e Política do Mundo Rural)

**GESPIC** (Grupo de Estudos de Historia Empresarial y Sectorial. Pesca, Industria y Comercio)

**USC** (Universidade de Santiago de Compostela)



## 2. O CONGRESO

A Historia Rural está superando tanto o marco analítico predominantemente nacional ou estatal que a caracterizaba como as perspectivas interpretativas demasiado centradas en Europa e Occidente. A SEHA e a Rural uníronse na organización de congresos que servisen como espazo de discusión acerca dos retos globais da investigación en Historia Rural.

6

### 2.1. O I Congreso Internacional (Lisboa – 2016)

Un dos fitos máis destacables do I Congreso internacional organizado de maneira conxunta pola SEHA e o Rural RePort foi a definición dun espazo para estreitar lazos e traballar na construción dunha Sociedade Intercontinental de Estudos Rurais.

O éxito do Congreso debeuse o seu carácter innovador, pero tamén o seu impacto en termos de efecto chamada para especialistas do mundo rural das distintas disciplinas e áreas xeográficas.

O evento contou con arredor de 300 participantes de catro continentes. Ademais dos países anfitrións (Portugal e España, en razón das entidades organizadoras do evento) houbo asistentes de outros 12 países europeos.

Non foi menor o interese no evento na outra beira do Atlántico, puidéndose contar asistentes de 10 nacionalidades americanas distintas entre as que destacaban os brasileiros, mexicanos e arxentinos. Por último, aínda que en menor número, tamén se puido contar coa asistencia e participación de investigadores procedentes de Asia e África.

### 2.2. Transiciones en la agricultura y la sociedad rural (Santiago – 2018)

Tralo éxito do primeiro Congreso Internacional (Lisboa-2016), a SEHA e a Rural RePort retoman os retos globais da investigación en Historia Rural coa organización dun novo congreso en **Santiago de Compostela**, que se celebrará entre o **20 e o 23 de Xuño de 2018**.

Neste IIº Congreso adóptase como temática central as *Transicións na agricultura e na sociedade rural*. Sobre este eixo preténdese dar continuidade ó enfoque dunha historia rural transnacional e transcontinental e, tamén, contribuír ó desafío de crear un espazo global de debate sobre a Historia Rural.

As transicións enténdense como espazos históricos de cambios, pero tamén de permanencias e de resiliencias que inclúen conflitos sociais e formas de resistencia. Ó longo dos últimos cinco séculos, as intensas relacións entre continentes, civilizacións e culturas tiveron múltiples efectos sobre a agricultura, a propiedade, as sociedades rurais e o medio ambiente. Produtos,





# Transiciones en la agricultura y la sociedad rural. Los desafíos globales de la historia rural. II Congreso Internacional

XVI Congreso de Historia Agraria-SEHA # VII Encontro RuralRePort  
Santiago de Compostela, 20 - 23 de Junio de 2018

factores de producción, técnicas, saberes, instituciones, culturas, normas jurídicas transpasaron fronteras, e esta circulación a escala global provocou transformacións na paisaxe, nos usos do solo, nos sistemas de propiedade, nos patróns de consumo, nos hábitos alimenticios e nos mercados.

Como desafío teórico e historiográfico, a superación de fronteiras require un maior diálogo, non só entre historiadores de varios continentes e especialidades (económica, política, social, jurídica) senón tamén entre disciplinas que enfocan os mesmos problemas dende metodoloxías e miradas diferentes. Esta é a orientación dominante deste congreso internacional aberto á participación de especialistas de calquera país do mundo, así como a calquera área disciplinar e época histórica. Os idiomas de traballo son: español, portugués e inglés.

7

## 2.3. Os desafíos globais da Historia Rural

Atendendo ó subtítulo do evento, o congreso artículase en torno a un amplo programa que tenta crear un foro de debate acerca dos desafíos globais ós que se enfrontou e se enfronta a Historia Rural.

Neste marco, terán especial relevancia temas como son a paisaxe, os recursos naturais e a sustentabilidade dos mesmos ou fenómenos climáticos. Así como a propiedade da terra, os cambios socioeconómicos, a modernización agraria ou as diferenzas rural/urbano. Sen esquecer a reflexión teórica acerca da produción historiográfica, aportando enfoques específicos como é o de xénero.

As sesións, seleccionadas trala revisión por parte do Comité Organizador das propostas recibidas nunha convocatoria de *call for panels* son as que seguen:

#	Título	Linguas de traballo
P1	Recursos naturales, acción colectiva y culturas igualitarias: Propiedad, organización y gestión comunales desde la Edad Media a la transición agroecológica	ES+PT+EN
P2	Pérdida de las cosechas: historiando las plagas y los fenómenos climáticos	ES+PT+EN
P3	Las ruralidades de un mundo global: vectores de cambio socioeconómico y ambiental	ES+PT
P4	Pasado, presente y futuro de la Cuestión Agraria. Europa y América Latina (XVIII-XXI)	ES+PT
S102	Modernización Agraria/ Revolución verde en América Latina	ES+PT+EN
S105	Lo privado, lo común, lo público. Derechos de propiedad, estructura productiva y cambios en el territorio (Siglos XVIII-XX)	ES+PT+EN
S107	Desarrollo agrario de los países en desarrollo en una perspectiva transnacional	ES+EN
S109	Apariencias rurales en evolución a finales del Antiguo Régimen: el ciudadano frente al rústico	ES+PT+EN
S110	Territorios agrarios y sujetos sociales: propiedad, trabajo y tecnología en el mundo rural, siglos XX y XXI	ES+PT
S111	La familia frente a las transiciones agrícolas, siglos XVI-XX	ES+PT+EN



# Transiciones en la agricultura y la sociedad rural. Los desafíos globales de la historia rural. II Congreso Internacional

XVI Congreso de Historia Agraria-SEHA # VII Encontro RuralRePort  
Santiago de Compostela, 20 - 23 de Junio de 2018

S112	El paisaje en el espacio rural: la agricultura familiar y los espacios periurbanos en los estados de Río de Janeiro, Paraíba y Río Grande do Sul, en Brasil, y en las regiones de la Toscana, Véneto y Umbría, en Italia	ES+PT
S113	La historiografía agraria latinoamericana. Un balance de 40 años. Homenaje a Juan Carlos Garavaglia	ES+PT+EN
S116	Los patrimonios eclesiásticos: Una aproximación comparativa entre Europa y América. Epoca Moderna	ES+PT
S117	La historia agraria desde una perspectiva de género	ES+PT+EN
S118	Historia agraria cuantitativa: instituciones, mercados y recursos naturales	ES+EN
S119	Ambientalizando la cuestión agraria. Relatos historiográficos del cambio socio-ecológico en Iberoamérica	ES+PT+EN
S120	Trabajo, salarios, presupuestos familiares y género en el mundo rural contemporáneo	ES+PT+EN
S122	El rural en teoría: conceptos y abordajes para el estudio de la Nueva Historia de la propiedad	ES+PT
S124	Por un enfoque realista y relacional de los derechos de propiedad sobre la tierra	ES+PT+EN
S126	La lucha por la tierra formulada en la larga duración: Una historia del campesinado en las sociedades precapitalistas!	ES+PT+EN
S127	El mundo rural en el período de entreguerras, 1914-1945. Una visión global	ES+PT+EN
S128	Morfologías de acción colectiva en el corto siglo XX. Las protestas campesinas en perspectiva transnacional y comparada	ES+PT+EN
S129	La Agricultura en América Latina: globalización, instituciones y recursos naturales, 1900-2015.	ES+PT+EN
S130	Cultivos estratégicos. Explotaciones familiares y estrategias de reproducción social en la Península Ibérica, siglos XVI-XIX	ES+PT
S131	Democracia y sociedad rural en los procesos de transición contemporáneos (siglos XIX, XX y XXI).	ES+EN
S133	Avances en el uso de SIG en historia agraria y del paisaje: ejemplos de investigación interdisciplinar	ES+PT+EN
S135	Bodas campesinas. Condiciones materiales de acceso al matrimonio en el mundo rural de la Península ibérica durante la Época moderna (siglos XVI-XIX).	ES+PT
S140	Nuevas fuentes y nuevas metodologías aplicadas a la investigación en historia agraria	ES+PT
S141	Inversiones extranjeras, transferencias tecnocientíficas y transiciones agrarias en la economía mundial contemporánea	ES+EN
S142	La regularización agraria en la América colonial: balances y perspectivas de las composiciones de tierras y venta de baldíos	ES+PT+EN
S143	Sobre la gran transición en la agricultura y la sociedad rural a finales de la Edad Media	ES+PT+EN
S145	De los agrarismos tecnológicos a los sistemas tecnocráticos de la Revolución Verde. 1900-1990	ES+PT+EN
S147	Violencia, trabajo y relaciones sociales en el mundo rural	ES+PT
S148	El sector lechero y la cadena láctea desde mediados del siglo XX: transiciones y diversidad de modelos productivos y organizativos	ES+PT
S151	Capital natural y espacios Rurales: Nuevas técnicas de valorización y oportunidades para las zonas rurales	ES+EN
S152	De comunidades y campesinos. Cambio social y movilización colectiva en las sociedades rurales	ES+PT+EN
S154	De la cuestión agraria a la cuestión pecuaria. Transiciones y cambios productivos de la mejora pecuaria	ES+EN
S157	Agua y sostenibilidad: Riego, normas de uso y capacidad de adaptación	ES+ EN
S158	Profesionalización, investigación y entrenamiento en agricultura: Actores e instituciones en los siglos XIX y XX	ES+EN
S159	Pueblos tradicionales y cuestión agraria en las Américas	ES+PT+EN



# Transiciones en la agricultura y la sociedad rural. Los desafíos globales de la historia rural. II Congreso Internacional

XVI Congreso de Historia Agraria-SEHA # VII Encontro RuralRePort  
Santiago de Compostela, 20 - 23 de Junio de 2018

## 2.4. Do Internacional ó Intercontinental


Para a II edición do Congreso “Desafíos Globais da Historia Rural”, que terá lugar en Santiago de Compostela, contamos con arredor duns 700 participantes inscritos, procedentes de 34 países distintos. Ós case 300 investigadores ibéricos súmanse cen máis procedentes doutros 15 países europeos. O continente americano terá tamén unha grande presenza coa participación duns 300 investigadores procedentes de 14 países (destacan os brasileiros, arxentinos e mexicanos) e contamos tamén con asistentes asiáticos e africanos.



Polo tanto, podemos dicir que o interese polo evento transcende do marco internacional ó intercontinental. Un indicador para medir isto témolo nas visitas rexistradas na web <https://transruralhistorycompostela.wordpress.com/> habilitada para o congreso dende Novembro de 2016.

# Transiciones en la agricultura y la sociedad rural. Los desafíos globales de la historia rural. II Congreso Internacional

XVI Congreso de Historia Agraria-SEHA # VII Encontro RuralRePort  
Santiago de Compostela, 20 - 23 de Junio de 2018

Visitas á web do Congreso: Nov. 2016 – Feb. 2018



País	Vistas
 España	11.631
 Brasil	4.395
 México	2.030
 Argentina	1.887
 Portugal	1.404
 Francia	863
 Estados Unidos	802
 Italia	755
 Chile	301
 Reino Unido	273
 Colombia	265
 Costa Rica	216
 Uruguay	188

